

Regulamento Electoral Xeral para a Elección de Comisións

ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña

Aprobado en Xunta de Escola o 16/12/2021



Artigo 1. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación aos procesos para a elección das seguintes Comisións da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña (a partir de agora “a Escola”):

Comisión Permanente
Comisión Docente
Comisión de Avaliación Académica
Comisión de Garantía de Calidade

Este regulamento tamén será de aplicación nos procesos electorais das comisións da Escola que se poidan crear.

Artigo 2. Dereito de sufraxio

1. Teñen dereito de sufraxio todos os membros da Xunta de Escola.
2. O sufraxio, dentro de cada un dos sectores considerados en cada elección, é universal, igual, libre, directo e secreto.
3. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible, sen que se admita a delegación no seu exercicio nin o voto por correo.
4. Son elixibles como membros da Comisión Permanente ou da Comisión Docente os membros da Xunta de Escola que presentaran a súa candidatura conforme ao disposto neste regulamento e fosen proclamados candidatos de forma definitiva.

Artigo 3. Elaboración e publicación do censo electoral

1. A elaboración e actualización do censo electoral para a elección de representantes ás comisións, así como a adscrición das persoas electoras aos respectivos sectores de acordo co disposto neste regulamento, correspóndelle á Administración Electoral.
2. Unha vez elaborado, o censo electoral provisional expoñerase publicamente nos taboleiros da Escola dentro dos quince días naturais seguintes ao da convocatoria das eleccións.

Artigo 4. Solicitud de rectificación do censo e recursos

1. Unha vez publicado o censo provisional, calquera titular do dereito de sufraxio poderá solicitar a súa rectificación mediante escrito razoado dirixido á Administración Electoral, presentado no Rexistro da Escola, antes das 14 horas do día no que termine o prazo.



2. O prazo de reclamacións sobre a admisión ou exclusión do censo será de dous días hábiles que se contarán desde a data na que se fai público.

3. A Administración Electoral terá que resolver e facer pública a súa decisión no taboleiro electoral que corresponda no día hábil seguinte ao da finalización do prazo establecido para solicitar a rectificación. Contra esta decisión non cabe ulterior revisión.

4. O censo definitivo publicarase inmediatamente tras a decisión da Administración Electoral mencionada no parágrafo anterior.

Artigo 5. Administración electoral

1. A Comisión Permanente nomeará, de entre os seus membros, aos que integrarán a Administración Electoral.

2. A Administración Electoral encargarse de controlar o proceso electoral e garantir a súa legalidade, transparencia e obxectividade.

2. A Administración Electoral terá as seguintes funcións:

- a) A resolución das reclamacións e recursos que se interpuxeran contra a inclusión ou exclusión no censo, así como contra a adscrición por sectores realizada.
- b) A recepción das candidaturas e a proclamación de candidatos e candidatas, así como a resolución dos recursos que se interpuxeran contra esta proclamación.
- c) A aprobación dos modelos de papeletas e outros documentos necesarios para o desenvolvemento do procedemento electoral.
- d) O sorteo para establecer a orde de colocación dos candidatos nas papeletas de votación.
- e) A organización do procedemento de emisión de voto.
- f) O sorteo dos membros das mesas.
- g) A verificación do recuento.
- h) A proclamación dos resultados provisionais e definitivos das eleccións.

Artigo 6. Trámites e prazos

1. O procedemento electoral consta dos seguintes trámites, que terán que ser realizados nos prazos establecidos para cada un deles, de acordo co disposto neste regulamento:

- a) Convocatoria das eleccións.
- b) Publicación do censo provisional.



- c) Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional.
- d) Aprobación e publicación do censo definitivo.
- e) Proclamación provisional de candidaturas.
- f) Prazo de presentación de recursos contra a proclamación provisional de candidaturas.
- g) Proclamación definitiva de candidaturas.
- h) Período de votacións.
- i) Proclamación provisional de candidaturas electas.
- j) Prazos de presentación de recursos contra a proclamación provisional de candidatos electos ou candidatas electas.
- k) Proclamación definitiva de candidaturas electas.

2. O cómputo dos trámites e prazos realizarase sobre días hábiles, excluindo os festivos previstos para toda a Universidade no calendario académico e os sábados. Para os efectos de cumprimento do prazo para presentar solicitudes e recursos, o prazo finalizará ás 14 horas do último día fixado.

3. Non se poderán celebrar eleccións durante os períodos non lectivos. O mes de agosto é inhábil para a celebración de eleccións.

Artigo 7. Convocatoria das eleccións

1. A convocatoria de eleccións realizarase por resolución da Xunta de Escola.

2. A convocatoria conterá os seguintes elementos:

- data de publicación do censo provisional
- prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional
- data de publicación do censo definitivo
- prazo de presentación de candidaturas
- proclamación provisional de candidaturas
- prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisional de candidaturas
- proclamación definitiva de candidaturas
- data para a votación (e horario) e escrutinio
- data de proclamación provisional de candidatura electa
- prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisional de candidatura electa
- data de proclamación definitiva de candidatura electa

3. A convocatoria farase pública nos taboleiros electorais da Escola.



Artigo 8. Presentación de candidaturas

1. Poden presentar candidaturas as persoas que conforme a este Regulamento tivesen a condición de elixibles.
2. As candidaturas deben presentarse no Rexistro da Escola (Secretaría de Dirección) antes das 14 horas do último día do prazo previsto, mediante escrito dirixido á Administración Electoral no que consten o nome e apelidos da persoa candidata, o seu número de DNI ou pasaporte e o sector electoral polo que se presenta. O escrito debe ir asinado pola persoa interesada.
3. As candidaturas son individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio.

Artigo 9. Proclamación provisional e definitiva de candidatos e prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Administración Electoral procederá a realizar a proclamación provisional de candidaturas, que se publicará nos taboleiros electorais.
2. Dentro do prazo de dous días hábiles a partir da data da proclamación provisional de candidatos poden presentarse recursos e solicitudes de rectificación mediante escrito dirixido á Administración Electoral. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse no día hábil seguinte ao da finalización do prazo establecido para solicitar a rectificación.
3. Se non se presentasen recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Administración Electoral procederá á proclamación definitiva de candidaturas.
4. Se o número de candidaturas presentadas e admitidas a representantes por sectores fose igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, entenderase que as persoas candidatas proclamadas definitivamente foron elixidas automaticamente sen necesidade de proceder a ningunha votación.

Artigo 10. Votación e modo de exercicio do dereito a voto

1. O dereito de sufraxio activo acreditarase pola inscrición nas listas do censo.
2. A votación realizarase nun único día. A urna estará aberta desde as 10 h. ata as 12 h. e desde as 16 h. ata as 19 h.



3. Haberá unha única mesa e estará formada por tres membros, un de cada sector da comunidade universitaria (estudantes, PDI, PAS). A Administración Electoral nomeará de entre os seus membros ao que actuará como presidente e secretario. Os outros dous membros da mesa elixiranse por sorteo, garantindo a presenza na mesa dos tres sectores da comunidade universitaria.
4. A persoa electora identificarase ante a mesa co DNI, pasaporte ou calquera outro documento que a xuízo da mesa acredite suficientemente a súa identidade.
5. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e acto seguido admitirá os seus votos nas urnas (unha urna por proceso electoral).
6. Nas eleccións non se admitirá a delegación de voto, o voto por correo nin o voto anticipado.
7. As persoas electoras poderán votar como máximo ao setenta por cento do número total de postos para cubrir, contados por defecto, excepto no caso dun único posto elixible, no que poderá votarse un posto.
8. Serán proclamadas persoas electas aquelas que obtivesen maior número de votos ata completar o número de representantes asignados a cada sector
9. Cada persoa electora poderá votar unicamente a representantes do seu sector.

Artigo 11. Votos nulos e en branco

1. Son votos nulos:
 - Os emitidos en papeleta diferente ao modelo oficial.
 - Os emitidos en papeleta na que se marcasse un número de candidaturas superior ao máximo que o elector puidese votar.
 - Os emitidos en papeletas con rascaduras, emendas ou calquera outro tipo de alteración que impida coñecer a verdadeira vontade do elector. A nulidade só afectará ao nome ou nomes ao respecto dos cales xurda a dúbida..
 - Os emitidos en papeleta na que se escribise calquera outra expresión distinta do voto.
2. Son votos en branco, pero válidos, os emitidos en papeleta que non tivesen indicación a favor de ningunha das candidaturas.



Artigo 12. Escrutinio

1. Trala votación comezarase o escrutinio, que será público.
2. O escrutinio realizarase, en cada proceso electoral e polo tanto para cada urna, extraendo a presidencia, unha a unha, as papeletas da urna, lendo en voz alta o nome das candidaturas votadas.
3. Realizado o recuento de votos, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos en branco, o de votos nulos e o de votos obtidos por cada candidatura.
4. As papeletas extraídas das urnas destruíranse no mesmo acto, con excepción daquelas que fosen obxecto dalgunha reclamación ou ás que se negase de validez.
5. Concluído o escrutinio xeral, a presidencia estenderá unha acta da sesión asinada polos membros da mesa que incluírá mención expresa do número de electores, segundo as listas do censo electoral, de votantes, de votos obtidos por cada candidato, dos votos en branco e dos votos nulos. Inclúiranse, tamén, as reclamacións e protestas que por escrito formularan os electores, as papeletas ás que se negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación e as resolucións que a mesa adoptara.
6. A acta será enviada ese mesmo día á Administración Electoral.

Artigo 13. Proclamación provisoria de candidaturas electas

1. Recibida a acta, o mesmo día das eleccións, a Administración Electoral comprobará o escrutinio, resolverá as posibles reclamacións e proclamará provisionalmente as candidaturas electas facendo mención expresa do número de electores, segundo as listas do censo electoral, de votantes, de votos obtidos por cada candidatura, dos votos en branco e dos votos nulos.
2. No caso de que dúas ou máis candidaturas obtivesen o mesmo número de votos darase preferencia para a proclamación como candidatura electa á que leve mais tempo vinculada á UDC como membro do seu sector. De persistir o empate darase preferencia á persoa de máis idade. No caso do estudantado, a referencia será o curso no que se matriculou na titulación pola que participa no proceso electoral.

Artigo 14. Recursos

Poderán interpoñer recurso as candidaturas proclamadas ou non proclamadas electas nun prazo máximo de dous días hábiles que se contarán desde a publicación da



proclamación provisional de candidaturas electas. Estes recursos deberanse resolver nun prazo máximo dun día hábil a contar desde a finalización do prazo de presentación de recursos.

Artigo 15. Proclamación definitiva de candidatos electos

Unha vez resoltos os recursos que se interpuxesen contra a proclamación provisional de candidaturas electas, ou transcorrido o prazo previsto sen que se interpuxese ningún, a Administración Electoral procederá á proclamación definitiva de candidaturas electas.

Artigo 16. Mantemento da condición de elixible de representante

As condicións esixidas para o acceso a un cargo representativo nunha Comisión en calquera dos sectores deben manterse durante toda a duración do mandato. Causarán baixa e darán lugar a unha vacante as persoas que, no curso do mandato deixasen de ostentar as condicións que dan lugar á titularidade do dereito de sufraxio pasivo no sector polo que foron elixidas. No sector do estudantado, causará baixa no caso de que finalice e pague as taxas da titulación pola que participou no proceso electoral ou que non se matricule nesa titulación unha vez rematado o prazo correspondente, salvo os representantes electos que, ao remataren os seus estudos de grao, se matriculen na Escola nun mestrado oficial da UDC.

Artigo 17. Supletoriedade

A normativa xeral electoral da Universidade da Coruña poderá, no seu caso, aplicarse supletoriamente en todo o non regulado de forma expresa neste regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Escola.